

# BANDO

## FOGUEIRAS DE SAN XOÁN E SAN PEDRO 2021

D. Secundino García Casal, Alcalde-Presidente do Concello de San Sadurniño, con motivo da celebración das fogueiras de San Xoán e San Pedro os días 23 e 28 de xuño, INFORMA:

Consideracións xerais:

- A celebración das fogueiras dos días 23 e 28 de xuño, deberán comunicarse ó Concello mediante chamada telefónica ó número 981-490027, de lúns a venres en horario de 08:30h a 14:30h ata o día 22 de xuño.
- Se facilitará o nome e apelidos da persoa responsable da fogueira, DNI, a situación exacta e se a queima terá lugar o día 23, o 28 ou ámbolos dous.

Medidas preventivas ambientais:

- Unicamente poderán levarse a cabo aquelas fogueiras que fosen comunicadas ao Concello e que se atopen en terreos particulares localizados en solo urbano e en solo de núcleo rural. Deste xeito, está prohibido realizar lume en solo rústico de calquera uso e en zonas próximas a terreos desta natureza que sexan susceptibles de provocar lume incontrolado. Neste senso, non se prenderá lume preto de masas forestais ou matogueiras (50 metros de distancia mínima), nin a menos de 25 metros de calquera edificación, tendido eléctrico, instalación de calquera tipo ou vehículo.
- Non poderá iniciarse ningunha fogueira cando as condicións meteorolóxicas poidan dificultar o seu control, especialmente nos días de vento. Asemade, se iniciado o lume se producise a aparición de vento intenso, procederase a apagalo. Non se abandonará a vixilancia da zona da fogueira ata que o lume esteña totalmente apagado.

- Está prohibida a queima de todo tipo de residuos (materiais en cuxa composición interveña o plástico, colchóns, rodas, aerosois, produtos inflamables ou explosivos...), e en xeral, calquera substancia que ao arder desprenda gases ou fumes tóxicos.
- O volume de combustible que forme a fogueira non poderá exceder os 2 metros de altura e 3 de diámetro. Deberá contarse cun medio de extinción do lume axeitado ás dimensións da fogueira.

#### Medidas preventivas da COVID-19:

- Prohíbese a realización das tradicionais fogueiras parroquiais, comunitarias ou veciñais en espazos públicos ou en terreos privados ou comunitarios, susceptibles de seren utilizados por unha colectividade indeterminada de persoas usuarias, xa que nas actuais circunstancias non se pode garantir a seguridade e cumprimento das normas de distancia interpersonal e aforamentos máximos para evitar rebrotes da COVID-19.
- Serán de obrigado cumprimento as normas sanitarias de distanciamento interpersonal, uso de máscaras, aforamentos máximos, limitación da mobilidade nocturna, medidas de hixiene e as de control pola persoa organizadora para evitar aglomeracións, así coma outras semellantes para previr os riscos de contaxio, que poidan ditar as autoridades competentes e que esteñan en vigor no intre da celebración da fogueira.

Esta Alcaldía fai un chamamento á veciñanza para o cumprimento das medidas de prevención de incendios que se mencionan, así coma aquelas de carácter sanitario derivadas da prevención da COVID-19.

O que se fai público para o coñecemento xeral en San Sadurniño, a 7 de xuño do 2021.

O Alcalde

Secundino García Casal